

Xinzo, 25. 4. 68

Querido don Ramón:

Recibín a sua carta, que lle agradezo moito. Acepto encantado facer o comentario do libro de Emilio González López.

Hai tempo que lle pensaba escribir, pero un día polo outro funno deixando. Agora aproveito a ocasión.

Preguntame que é da miña vida. Pois aquí estou na casa, pero sin me enclausurar como noutras ocasións. Vou moito a Ourense. Alí vexo con frecuencia á Bodallo, que aínda estivo aquí a semana pasada, pois ven conocer a Lúcia. Tamén vin a Del Riego. En fin, vivo en "comunión" e non aillado.

Hai uns meses vivín a unha experiencia inolvidable. Chamáronme uns cegos de Ribadavia pra dar unha charla. Fun. O auditorio estaba composto por máis de trinta cegos do Ribeiro.

Folletoles - en galego - sobre algúns problemas: o galego na liturxia, a inxusticia da situación económica e social no agro, etc., etc. Ó rematar a charla fixenlles unhas preguntas, sobre puntos tocados antes. Despois de pasear un pouco, reuníronse por equipos de tres e responderon - en equipo - ás preguntas que eles fixen. ~~Despois~~ Durante a merenda, cada equipo leeu a resposta en alto e fomos dialogando. Quedamos de acordo en tres puntos: 1º) Necesidade de Liturxia en galego. 2º) Dificultade enorme de levar a cabo un acción evanxélica dentro de un estrutura económica como a actual. Neste senso adverten que, pese a varios centos de anos de evanxelización, o home galego do agro é o mesmo. Non hai cambios na <sup>su</sup> maneira de concibir o mundo. 3º) Necesidade de un cambio de estruturas por poder levar a cabo unha auténtica evanxelización.

A experiencia foi extraordinaria. Algúns deles dixéronme que era a primeira vez que se lles falaba do problema. Comprenderono. Díronse conta de que a liturxia en castelán - en Galicia - é anti-evanxélica. Isto víronno

moi claro. Incluso un crego castelán d'xome que pensaba aprender o galego.

Dixenlle mais ou menos isto: o home é un proxecto, é unha aventura de cara a liberdade. Pero esa aventura está chea de riscos; ás veces, acaba tráxicamente. Por exemplo: os fomentos, os analfabetos, os oprimidos politicamente.

Mil prazos se conxuran contra a liberdade do home. En Galicia temos unha mostra clara de como os nosos campesiños acababan tráxicamente a súa aventura de cara a liberdade: opresión económica, opresión política, opresión lingüística. Agora ben, os nosos campesiños, paradóxicamente, son cristiáns.

É dicir profesan unha relixión cuxa concepción do home é esencialmente liberadora. A Biblia di: "Practicar a xusticia e o dereito, defender ós pobres e ós oprimidos; non é como comerme xa?, palabra de Yahvé". E o profeta Amós di: "Alonxa de mim o ruído das tuas cantos, que eu non escoite o sonido das tuas arpas. Pero que o dereito corra como a auga e a xusticia como un regato que non se esgota." O cristianismo, pois, nace no seo

do Império Romano esclavista, como liberador do home. Pero - isto é estranismo -  
en Galicia o "cristianismo" comporta-se como alienador do home: por  
exemplo impedindo que o home galego pode rezar na súa lingua ou  
poder realizar a súa cultura ~~(o último é propio de cultura d' o Galia -~~  
(i' É propio da persoa humana - d' o Galia - que non alcanza un nivel  
verdadeiro e plenamente humano senon por medio da cultura") a través  
do seu vehículo normal: a lingua galega. Si o "cristianismo" se  
comporta como alienante, non é tal cristianismo.

Esta foi a noz da charla.

Os cregos organizadores son tres moi novos, que fan vida comunitaria  
allí en Ribadavia e traballan en equipo. Chámanse: Miguel Fernández Grande,  
Virxilio Rodríguez Silva e Xosé-Benito Siqueira. Os dous primeiros foron profesores  
de Seminario. Teñen un gran prestixio na provincia. Traballan muito.  
Hai outros quince ou vinte días montaron outros charlas por incedade  
de Ribadavia. Falamos: Xan López-Fach, Susana i en.

Eles xa conocen a Morente i a varios mais. Conoceron tamén a Salvador.  
E pensa levar a falar a Beirns. Organizan ali unhas convivencias por  
negras todos os meses. O poder que teñen e fabuloso. Andamos matinando  
de facer unha esperanza cos campesiños da comarca. Ah, leu o seu  
discurso de ingreso na Academia como si fora o catolicismo.

Bueno, poderíalle contar mais cousas, pero xa vai por longo. Agora  
estou escribindo unhas contos por meus pró concurso do "Facho".

En xunio irei a Compostela por rematar a carreira. Xa lle fací unha  
visita.

Bueno, Don Ramón, unha aperta moi forte

Carlos

Saíndos á sua dona.